

Proposta de actividades VOLUNTARIAS E ABERTAS, por favor, son SUXESTIÓNS.

“A aprendizaxe é experiencia, todo o demais é información”

Albert Einstein.

LEMBRADE QUE ESTA SEMANA DENDE O EDLG DA ESCOLA TEMOS A SEGUINTE PROPOSTA, NA QUE É MOI IMPORTANTE A PARTICIPACIÓN DE TODOS E TODAS, PARA CONMEMORAR O 17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcabadavazquez/node/862>



CIENCIA. TINGUIR FLORES.



1. Corta unhas flores polo talo, cando máis abaixo mellor, e en ángulo para que absorban mellor a auga (sempre coa axuda dun adulto). As rosas ou caraveis son as flores máis recomendadas para levar a cabo este experimento, aínda que podes empregar outras. **Mellor que sexan brancas.**
2. Enche un vaso ou recipiente un pouco máis da metade e dilúe unhas gotas de colorante alimentario líquido nel (se non tes colorante alimentario podes probar con témpora diluída en auga).
3. Introduce a flor polo talo no vaso ou recipiente e deixaa nel dous ou tres días, nun lugar seco e no que haxa luz natural, se o fas con témpora terás que remexer de cando en vez.

Que pensas que vai pasar?

NOTA: O experimento é moi sinxelo pero poderás comprender de xeito moi visual como se alimentan as plantas, por exemplo as que sementaches a semana pasada.

OVO SALTARÍN:

Se vos acordades na aula metemos un ovo cocido nunha botella, sen rompelo, pois agora imos facer un ovo saltarín.

Materiais:

- 1 ovo.
- Vinagre de viño.
- 1 tarro de cristal con tapa.

Preparación:

- Introduce o ovo no recipiente.
- Engade vinagre ata que quede cuberto o ovo.
- Pecha o envase.
- Deixa repousar 48 horas.
- Observa o que vai pasando.
- Pasadas 48 horas abre o tarro e saca o ovo con coidado.
- Seca o ovo con moito coidado e a botar!



Outra información:


Verás como o ovo rebota se o soltas sobre algunha superficie (non demasiado alto ou romperá) e recorda que **POR DENTRO O OVO SEGUE SENDO LÍQUIDO...**

CONSELLO: É preciso que o bote sexa de cristal para que o ácido do vinagre non o dane e que teña tapa para poder pechalo e que se produza a reacción química.

Quen queira pode enviar fotos ao mestre ao correo infantilagustin@gmail.com ou ao meu whatsapp.

- Podedes visitar esta páxina: <https://es.ixl.com/math/infantil> (agora mesmo é gratis para as familias afectadas polo peche dos edificios das escolas).
Tedes á vosa disposición actividades para entreterse cos números, clasificacións, medidas, figuras en dúas dimensións... adaptadas ao nivel de cada neno ou nena.
- Continuamos co rincón de Luca: <http://www.retomates.es/?idw=tt&idJuego=rinconluca> e smartick: <https://www.smartick.es>
- Lembrade continuar cunha **rutina diaria**.
- Empregamos os **números nas actividades cotiás**.

CONTO PARA TRABALLAR A EDUCACIÓN EMOCIONAL:



- **A VACA QUE PUXO UN OVO.** De Andy Cutbill, ilustrado por Russel Ayto. Editorial Patas de Peixe.
Teñades ou non o conto en formato libro podedes velo contado por **ROBERTO PERNAS:**
<https://www.youtube.com/watch?v=qhVefk9RKps&t=19s>

Moita saúde e saúdos.

Agustín.